



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

CAMPAMENTOS SEMANA SANTA 2022

Campamento concilia
Laboratorio Musical
Diversidade funcional

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **28 de marzo ao 1 de abril. Deberán poñer no asunto campamento SEMANA SANTA 2022**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.
- Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de Semana Santa 2022.
- No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 4 de abril ás 10 horas.
- O prazo de formalización de matrícula será do 4 ao 6 de abril.

CAMPAMENTO CONCILIA

DIVERNATURA

- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias
- Ofrecer outra alternativa de ocio e tempo libre ós nenos e nenas menores do Concello.
- Formar ós participantes, fomentando comportamentos que promovan unha interacción da sociedade co medio ambiente
- Adquirir maior sensibilidade e conciencia co medio ambiente.

Destinatarios: rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.

Temática: DIVERNATURA

A natureza proporciónanos sempre todo o que precisamos para vivir. Na actualidade, o uso que facemos dos recursos que nos proporciona a natureza, comezou a ser un problema, xa que algún deles, como o petróleo, a madeira, ou o aluminio son escasos e valiosos.



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

Utilizar os menos recursos naturais para non esgotalos e xerar menos lixo nas nosas actividades son acción que podemos realizar e que resulta una aportación valiosa ó noso medio ambiente.

Servizos ofertados no campamento concilia

Campamento de 10:00 a 14:00h.

Servizos complementarios:

- Madrugadores dende ás 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte
- Custo :16 euros (servizos aparte)

Madrugadores sen almorzo: 6 euros

Madrugadores con almorzo: 10 euros

Xantar: 16 euros

Ludoteca: 6 euros

Transporte gratuíto

Datas de execución: 11, 12, 13 e 18 de abril

CAMPAMENTO CONCILIACIÓN

Lugar de execución: AULA DA NATUREZA

LABORATORIO MUSICAL

MÚSICA E PAZ

De cara ao período de Semana Santa, propónse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Música de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada.

Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado:



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, “*A música e a paz*”. A través dunha metodoloxía vivencial, enfocarase a música como un elemento clave nun escenario social como o actual, onde a paz convértese nun factor máis relevante ca nunca para o desenvolvemento persoal e social a nivel global.

Destinatarios: 30 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos

Servizos ofertados no Laboratorio Musical

Campamento de 10:00 a 14:00h.

Datas de desenvolvemento: 11,12,13 e 18 de abril

Horario: 4 horas/diarias. De 10:00 a 14:00 horas

Lugar de execución: Centro Cívico Cultural de Arteixo

CAMPAMENTO DIVERSIDADE FUNCIONAL

VIAXANDO POLO MUNDO

A temática escollida para estas vacacións será a de diversidade cultural, baixo o nome de “Viaxando polo mundo”, traballando diversas culturas, coa realización de actividades como musicoterapia e actividades sensoriais.

Os obxectivos que se expoñen para o campamento, tendo en conta, tanto a acción formativa dentro do ocio e tempo libre, como as habilidades persoais de cada persoa, son os seguintes:

- Fomentar a autonomía persoal das persoas con diversidade funcional, dándolle especial atención as súas habilidades sociais.
- Impulsar unha inclusión social das persoas con diversidade funcional, participando nas actividades do entorno de forma igualitaria ó resto da sociedade e nas mesmas condicións.

Destinatarios:



CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 647 294
Email: educacion@arteixo.org

As persoas destinatarias para participar no Campamento de Semana Santa 2022 de diversidade do Concello de Arteixo, son os rapaces e rapazas con idade a partir de 12 anos e con diversidade funcional.

Servizos ofertados no campamento de Diversidade funcional:

Campamento de 10:00 a 14:00h.

Servizos complementarios::

- Madrugadores dende ás 7:15h
- Xantar de 14:00h a 16:00h
- Ludoteca de 16:00h a 17:30h
- Transporte
- Custo : 16 euros (servizos aparte)

Madrugadores sen almorzo: 6 euros
Madrugadores con almorzo: 10 euros
Xantar: 16 euros
Ludoteca: 6 euros
Transporte gratuíto

Datas de execución: 11, 12, 13 e 18 de abril

Lugar de execución: AULA DA NATUREZA